

PROTOCOLO DE DESINFECCIÓN NO EXTERIOR DOS CENTROS DE SAÚDE, DE MAIORES E DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

BOMBEIROS/AS FORESTAIS E AXENTES **CON CARÁCTER VOLUNTARIO** FORMARÁN EQUIPOS PARA LEVAR A CABO A DESINFECCIÓN EXTERIOR DOS CENTROS TRAS RECIBIR UNHA FORMACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA ESPECÍFICA

1. Os equipos de desinfección formaranos dúas persoas, un/unha xefe/a de equipo e un/unha fumigador/a, que poderán intercambiar os roles cando consideren oportuno.

O/a xefe/a de equipo, levará posto:

- o EPI, clase 2, (o composto de pantalón e chaqueta ou a funda) preferiblemente uns usados ou que non se utilicen para a extinción xa que poden sufrir deterioración por mor dos produtos desinfectantes,
- lentes EN 166.1,
- semimáscaras FFP2R/FFP3R
- e luvas de nitrilo norma UNE EN 374-2 ISO 16604: 2004 ou norma UNE EN 374-5: 2016.



O fumigador utilizará:

- o EPI categoría III con marcado específico UNE NISO 13688: 2013 e UNE EN 14126: 2004,
- lentes UNE 166.1,
- semimáscara FFP2R/FFP3R
- e luvas de nitrilo norma UNE EN 374-2 ISO 16604: 2004 ou norma UNE EN 374-5: 2016.



soliepis





2. Para a desinfección nas zonas exteriores das residencias de maiores, centros de persoas con discapacidade e centros de saúde utilizaranse: as pick-up e as mochilas.

. desinfección con pick-up: coa finalidade de conseguir a maior eficacia nas desinfeccións, usarase coa bomba en alta presión e manguera de 16 mm coa lanza forestal en modo pulverización (panca cara atrás) para conseguir o tamaño de pinga adecuado (< 1 mm).



. desinfección con mochilas: cada vehículo levará unha ou dúas mochilas pulverizadoras.





3. Durante o traxecto, adoptar as medidas de seguridade recollidas no protocolo específico para tal fin, publicado pola Consellería do Medio Rural (EPI completo: chaqueta-pantalón clase 2, lentes antisalpicaduras EN-166, máscara FFP2 NR ou semimascara FFP2R/FFP3R, luvas de nitrilo e botas). O acompañante levará as mans apoiadas nas súas coxas tentando non tocar nada.
4. O/a xefe/a de equipo ao chegar ao lugar asignado, poñerase en contacto cos/as responsables do centro para informar do inicio do procedemento de desinfección..
5. O vehículo permanecerá sempre fóra da zona a desinfectar, se non fose posible, pulverizar a disolución desinfectante sobre os pneumáticos para poder entrar. Crear unha zona limpa coa disolución desinfectante, na que os membros do equipo se desinfectarán as botas mutuamente (deixando actuar 2 min.) e o/a fumigador/a poñerase o EPI específico.
6. Ningún membro do equipo tocará ningún elemento da instalación que non estea previamente desinfectado.
7. Antes de comezar a desinfección, o/a xefe/a do equipo comprobará que todas as portas e xanelas do centro estean pechadas e que non haxa ningunha persoa na zona a desinfectar..
8. Empezarase a desinfectar pola parte máis afastada da entrada, finalizando na zona limpa preestablecida. Tentarase traballar sempre co vento ás nosas costas.
9. O ritmo de traballo será suave, xa que os EPI's de protección respiratoria FFP2/FFP3 adoitan producir fatiga respiratoria.
10. Ante calquera problema que lle poida xurdir ao/a compañeiro/a que realiza o proceso de desinfección (desaxuste parcial de calquera elemento do EPI, lentes embazadas...) este/a avisará ao/a xefe/a do equipo para que o/a axude, o/a cal actuando como *mans limpas* (coas súas luvas postas e desinfectados) realizará os axustes necesarios para garantir a adecuada protección do/a compañeiro/a.
11. O/a xefe/a de equipo, supervisará en todo momento, o desprazamento do/a fumigador/a especialmente ao baixar escaleiras, evitando posibles accidentes.
12. Se houberse que facer un descanso, faríase nunha zona desinfectada 5 min. antes.
13. Ao finalizar a desinfección, se se fixo con pick-up, humedecer un pano desbotable coa solución, para desinfectar a manguera antes de recollela.
14. Antes de marchar a outra misión, o/a xefe/a de equipo impartirá unha pequena charla recordatoria de consellos de seguridade ante o COVID-19 ao persoal do centro (sempre seguindo os protocolos de seguridade).



No enchido dos depósitos das pick-up/mochila:

- . A disolución realizarase sempre en lugares ventilados e co EPI de desinfección posto.
- . É aconsellable que no fondo do depósito haxa un pouco de auga antes de engadir o concentrado desinfectante, para favorecer a mestura.
- . Encher con auga ata conseguir o volume de desinfectante coas porcentaxes marcadas nos protocolos de desinfección..

Recomendacións:

- . Os días de choiva non se desinfectará, porque o axente desinfectante dilúese e perde a súa efectividade. A desinfección posterior á choiva farase coa dose de ataque (ver cadro específico de disolucións).
- . Utilizar auga limpa e recollida no mesmo día.
- . Refugar nos contedores adecuados os recipientes que contiñan o concentrado.
- . O sitio que se vaia a desinfectar, sinalizárase previamente e retirárase a sinalización ao terminar.
- . En días calorosos, evitar as horas centrais do día.

<https://mediorural.xunta.gal/gl/conselleria/coronavirus>